

TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS PARA O ACCESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, Á ESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DA REITORAL DO 25 DE AGOSTO DE 2023

O Tribunal adoptou os seguintes acordos verbo do segundo exercicio do procedemento selectivo:

1. O segundo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico que se elixirá entre tres propostos polo tribunal. Cada suposto versará sobre un dos bloques (II, III e IV) do temario, e en todos eles se poderán incluír preguntas de Dereito Administrativo.
2. O suposto estará desagregado en 15 preguntas tipo test, máis tres de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta. As preguntas de reserva substituirán a aquelas anuladas en función das impugnacións que se poidan presentar segundo a súa orde.
3. O tempo para a realización do exercicio será de 90 minutos.
4. Este exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 30 puntos. Para acadar os 30 puntos necesarios para a superación do exercicio será necesario responder correctamente oito (8) preguntas.

Instrucións para a realización do exercicio.

Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación, de facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.

No caso de ter algunha dúbida, pregunte unicamente aos membros do Tribunal

Vostede como participante neste proceso ten a obriga de entregar a folla de respostas do exame. Poderá levar o enunciado do exercicio, así como a folla autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O documento coas respostas correctas publicárase na páxina web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Serán causas de exclusión do proceso selectivo:

Abrir o cuestionario ou comezar a realización do mesmo antes que o Tribunal o autorice.

Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.

Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.

Utilizar teléfonos móbiles, axendas ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

Taboleiros electrónico.

Sitio web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Instrucións para cubrir a folia de respostas do exame

Deberá utilizar lapis e goma de borrar.

O exame consta de tres supostos prácticos dos que só deberá responder un. Cada suposto práctico ten un código que deberá indicar no apartado “Código de exame” da folia de repostas:



Os códigos dos supostos son os seguintes:

- Xestión económica e financeira: 222
- Recursos humanos: 333
- Organización e xestión universitaria: 444

A folia de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberá de marcar dende o número 1 ao 18, que se corresponden co número de preguntas. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras A, B ou C, que son as tres alternativas que figuran para cada unha das preguntas.

Non marque máis dunha resposta por pregunta. De facelo considerarase incorrecta.

No caso de que queira corrixir unha resposta deberá borrar completamente as marcas erróneas (teña en conta que a folia de exame é autocopiativa).

A folia de respostas deberá entregarlle ao tribunal cando lle sexa requirida, sendo este documento o único acreditativo das respostas, para os efectos de ser cualificado.

Santiago de Compostela,
A presidenta do tribunal
Maruxa Casal Reyes
(sinatura electrónica)

Taboleiros electrónico.

Sitio web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oeplistado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARUXA CASAL REYES, DIRECTOR A DA AREA DE PERSOAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2024 11:50:01.

CSV: 6F73-6AAD-470C-A566